

Nova dirección e relanzamento da Asociación de Escritores en Língua Galega

Convocarase o Prémio Galeuzka con 3 millóns de dotación

■ X.C.

A Asociación de Escritores en Língua Galega, que ven de cumplir os seus dez anos de existencia, elexiu a pasada fin de semana unha nova directiva iniciando, en palabras do seu presidente Uxío Novoneyra, unha etapa de relanzamento na que deposita grandes esperanzas, "con Fernán-Vello na secretaría, a AELG pode volver a ser o referente dos escritores galegos".

Uxío Novoneyra (presidente), Lois Diéguez (vice-presidente), Miguel Anxo Fernán-Vello (secretario), Manuel Riveiro Loureiro (tesoureiro) e Xosé María Dobarao e María do Carme Henriquez (vogais), a AELG quer relanzar as suas actividades, decidindo na mesma asamblea eleitoral pedir, con todas as formalidades, o seu ingreso no Consello da Cultura Galega, "é que non se lle ocorre a ninguén que a asociación representativa dos escritores non estéña ali. Ademais na AELG están a maioría dos escritores galegos, mesmo o propio presidente do Pen Clube de Galicia, Alfredo Conde".

Esmorecida nos últimos anos, só



Miguel Anxo Fernán-Vello, secretario da AELG

con presencia nos Congresos Galeuzka, que organizou en duas edi-

ciones en Baiona e Compostela, a AELG vai lanzar un plan de actuaciones importante na sua próxima reunión do dia 15. Miguel Anxo Fernán Vello, chamado a ser o grande dinamizador desta nova época, non quer adiantarse ás decisiones corporativas, pero manifesta que as liñas de traballo van encaminarse a incorporar aos novos escritores á Asociación e a conseguir unha maior presencia na sociedade.

"A AELG tivo na sua presidencia a Bernardino Graña e a Avilés de Tarancos, e entre os socios de honor a Carvalho Calero, a Anselmo Fole, a Fernández de la Vega e a Neira Vilas, despois dunha déca-

da de traballo, con varias revistas publicadas (*Escrita e Nós*), ten que volver a cumplir un papel importante. Entre as iniciativas que os pón en práctica está insistir na reivindicación de que haxa sempre presente nos xuris dos premios literarios de carácter público, unha persoa da Asociación".

Precisamente no terro dos galardóns, as asociacións galega, basca e catalana van convocar un galardón para libros publicados nas respectivas lenguas, dotado con 3 millóns de pesetas, co nome de Prémio Galeuzka. Ademais está moi adiantado o proxecto de editar unha revista comun tetralingüe. *

JEAN ARTHUR RIMBAUD: SAÍR DA LITERATURA A CEN ANOS DA SUA MORTE

XESUS GONZALEZ GOMEZ

O próximo mes de Novembro, o dia 10, cumplirase o centenario da morte de Jean Arthur Rimbaud. A avalancha bibliográfica, sobretodo na França, ainda non se disparou. Só vello rimbaudiano entregaron pequenos volumes sobre aspectos diversos do poeta. Alain Borer, maxistral autor dun estudo titulado *Rimbaud en Abyssinie* (1984, É. du Seuil) remata de tirar do prelo un belo libro, cheo de gravuras, fotos e información. Rimbaud d'Arabe. *Supplément au voyage* (E. du Seuil, 1991). E alain Jouffroy, que entrega, en *Éditions du Rocher*, dous volumes, *Je suis dans les galeries, escola, na colección "Découvertes Gallimard"*, remata de aparecer un volume con textos de Borer e ilustracións de Hugo Pratt -un vello rimbadiano- sobre o poeta gaulés.)

Son estes volumes que encherán algo más que unha liña na asobalante bibliografía rimbaudiana con que nos ameazan. Sobretodo o libro de Borer sobre a estadia de Rimbaud en África; volume que reproduce o sobre da carta que o poeta Germain Nouveau (1851-1921) lle enviara dous anos despois da morte do autor das Iluminacions. (Nouveau, grande poeta descoñecido, fixo, en 1906, un peregrinaxe a Compostela e -segundo algun dos seus biografos- viveu durante uns dous meses nesta cidade, da caridade pública.) Mais estes livros ensinarán e dirán cousas novas sobre a biografía do poeta, pero o misterio Rimbaud continua. Non son quen os estudiosos do poeta de explicar o porqué do abandono da escrita. O porqué a partir 1875 -quer dizer, dous 21 anos- non se preocupa pola súa obra, non quer saber nada da poesía. E vaise polos camiños, de mercenari, de albanel, de traficante de armas (nunca de escravos, como se dixo nun momento ou tro). Rimbaud abandona a escrita, non quer saber nada da súa obra. Cando morre, en Marsella, era un fachito para os novos poetas franceses, pero a el non lle interesa: só quere recuperarse, tornar a África, ou a África.

Esa é a grande lición de Rimbaud: o abandono da escrita. O abandono da poesía? Segundo Jouffroy, no citado libro, o poeta gaulés nunca abandonará a poesía. O seu abandono da escrita é unha forma de vivir a poesía: a súa aventura comercial, técnica -non



Rimbaud en Harrer. Ambas fotos son de Roger Viollet

esquezamos que envia informes sobre novos territorios á sociedade francesa de xeografía- é unha forma máis do desarranco dos sentidos que Rimbaud pedia aos poetas.

OFELIA

Nas moiras auga, onde as estrelas dormen,
a branca Ofelia flota, com un imenso lírio.
De vagando vai, en longos veos envolta.

-No bosque lontano costumaba o halál das cañas:
Xa fai mil anos que a tristísima Ofelia
para, fantasma branco, no longo río morreu.

Mil anos, mil, que a sua doce loucura
memoriza a sua historia á brisa da terrá.

O vesto bica os seus peitos, eobre coma unha flor
os veos que a auga amansa suavemente.
Os salgueiros chorran temendo soñar de la,
e sober da sua fronte solitaria incrustan as rosas.
Salvan os cibertos a seu carón,
e nun amaneixón que dorme, de vez en cuando esperta
un niño, do que xunte un leiro humor de azas.

-Un canto misterioso cai desde os astros de ouro.

Quizás unha forma de viver veradeira vida que está ausente?

Moito misterio para descrifrar. Rimbaud abandona a escrita, quizás a poesía. E iso devén un acto novo. Un acto polo que o escritor deixa de participar na literatura. Con Rimbaud aparece o poeta como víduo, a poesía xa non pode ser tema para xogos florais, para concursos, para prémios. Con rimbaud o escritor, o poeta, xa se dixo, abandona a literatura, agora só ten unha tarefa: reinventar o amor, cambiar a vida, posuir a verdade "numha alma e nun corpo". Eis xa que logo, o grande herdo do poeta Rimbaud. Eis, xa que logo, a sua modernidade de absoluta. Non é, no poeta gaulés, a modernidade unha mera frase -a tan citada, até o absurdo, "compre ser absolutamente moderno"-: para Rimbaud a modernidade é "o saber campesiño unha realidade que nengún miragre bordea, dunha dura mais salubre dualidade da condición do home, á vez miseria e

esperanza -e o futuro non será posesión ou gloria senón verdade, porque a obsesión da salvación ou a sui inútil negación soberben deixar o lugar a este recoñecemento criador: que en nós só hai ser nese desejo que xamais se ten e que xamais desarma: o noso afrontamento, para sempre, coa finitude, lonxe dos resignados así como dos crédulos, lonxe das xentes que morren sobre as estacións" (Y. Bonnefoy).

Con Rimbaud a poesía faise vida e a vida é o fundamento de toda poesía. Non más literatura, non más literatos. O que importa é o home/muller, que é un ser dual (Eu son outro) pero non dividido, e para reconfíercerse a si mesmo, ese home/muller debe estar disposto a sacrificarse para comprobar o esplendor da súa visión, que é unha



visión de si mesmo, das suas iluminacións e dos seus infernos.

No primeiro centenario de Rimbaud todas as súas perguntas continúan sen seren respondidas, o Rimbaud comunar (léanse os seus poemas sobre a entrada dos versalles en París), o Rimbaud católico -

co (a meio dunha operación poética de grande altura por parte dun poeta da calidade de Claudel, o "místico en estado selvaxe"), existe o Rimbaud surrealista, o Rimbaud fascista e o Rimbaud comunista. Todos se poden reclamar del, dunha maneira ou outra, mesmo os fascistas, como dixemos, pois reclamano como reclamabán a Nietzsche, seu contemporáneo, xa que en Rimbaud se encontra o mesmo desejo de retorno ao instinto, ao home bárbaro cujas forzas foron esmagadas por séculos de civilización e cultura.

Pero en Rimbaud podemos ver outras cousas: o vingador da infancia asoballada ("Os poetas de sete anos") polos pais ou pola relixión ("As mans de Neanne-Marie"), o ódio pola burocracia ("Os sentados"), o amor polo povo asasinado ("A orixa parisiense ou París se repova"), a búsqueda da verdade e a súa posesión ("Unha tempada no inferno"), -sobretodo- esa loita brutal e encamizada para elevar a vida ao nivel da arte. Unha loita tan brutal que non somos capaces de levar a cabo e desertarmos a cada relanzamento do camiño, onde -segundo Manuel António- sempre nos espera un "máis alá". Rimbaud é un guía seguro para chegar a ese máis alá seremos hoxe -cen anos despois- quen de seguir o seu exemplo? Ou ainda terá o poeta "a ollada tan perdiña e o continente tan morto, que os que atopen quizás non me virón"? Seguiremos sen velo? Ou será o noso acompañante cando "co abreante, armados dunha ardente paciencia, entramos nas esplendorosas cidades"? Non habería mellor compañeiro.

Cunqueiro traduce a Rimbaud

Neste centenario da morte de Arthur Rimbaud, comemórase, tamén, o décimo aniversario do pasamento de Alvaro Cunqueiro (que, como Rimbaud, está a servir para todo e a despertar os necrófilos que a cada pedra que levantemos aparecen no país). Que mellor homenaxe, xa que logo, ao poeta gaulés do que un poema seu en versión do minodiano. Trátase de "Ofelia", e viu lume nas páxinas do "Faro de Vigo" o 19 de Setembro de 1965. A versión la asinou por M. M. Seoane, un dos múltiples pseudónimos de don Alvaro. *

NON SON QUEN
OS ESTUDOSOS
DO POETA
DE EXPLICAR
O PORQUÉ
DO SEU ABANDONO
DA ESCRITA